



EXCMO. CONCELLO DE TUI

## ANUNCIO

### APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE PROFESOR/A DO CONSERVATORIO E/OU ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE PERCUSION.

Mediante Resolución de Alcaldía de data 09/05/2019 se ditou acto administrativo co seguinte contido literal,

### APROBACIÓN DA LISTA DE RESERVA PARA A SUBSTITUCIÓN DO POSTO DE PROFESOR/A DO CONSERVATORIO E/OU ESCOLA DE MÚSICA DE TUI NA ESPECIALIDADE DE PERCUSION.

Examinado o expediente tramitado para a creación dunha lista de reserva para a substitución do posto de profesor do conservatorio/escola de música de Tui na especialidade de percusión, resultan relevantes os seguintes:

Antecedentes de feito:

- 1.- Mediante Resolución desta Alcaldía de data 27/03/2019 se aprobaron as bases reguladoras da lista de reserva para a substitución do posto de profesor do conservatorio/escola de música de Tui na especialidade de percusión.
- 2.- Efectuado o proceso selectivo o tribunal expuxo o público, con data 03/05/2019, a acta provisional da valoración do exercicio da fase de oposición e da fase de concurso, propoñendo unha listaxe de reserva, concedendo un prazo de 3 días para alegacións. Indicándose que transcorrido o prazo de alegacións sen que se presente reclamación algunha a listaxe provisional será definitiva.
- 4.- Transcorrido o prazo non se presentaron alegacións/reclamacións a acta provisional.

Fundamentos de dereito:

Primeiro: A lista de espera elaborada segundo o establecido no artigo 9 das bases reguladoras da convocatoria terá unha duración de 3 anos ou de menos no caso de que houberse un novo proceso selectivo para a cobertura destas prazas, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

En atención ao exposto, esta Concellería no exercicio das súas atribucións delegadas,

## RESOLVO

- 1.- Prestar aprobación á lista de reserva para a substitución do posto de profesor do conservatorio/escola de música de Tui na especialidade de piano, que se ordena segundo a puntuación total obtida polos aspirantes no procedemento selectivo:

Posto	Apelidos e nome	DNI	Nota proceso
1	TRONCOSO TRONCOSO FRANCISCO	**7831**	7,14
2	PAZ LOPEZ PABLO	**1571**	6,98
3	ALONSO PEREIRA ADRIAN	**9014**	6,14
4	COMESAÑA RIVEIRO RUBÉN	**3127**	5,09



EXCMO. CONCELLO DE TUI

5	GONZALEZ GONZALEZ XOEL	**8749**	4,55
6	VAZQUEZ MOUZO JUAN ANTONIO	**1418**	4,19

2.- O funcionamento da lista de reserva aprobada axustarase ás previsións dos artigos 10, 11, 12, 13 e 14 das Bases Reguladoras da Convocatoria.

3.- A presente lista terá unha duración de 3 anos ou de menos no caos de que houberse un novo proceso selectivo para a praza , momento a partir do cal deixaría de ter vixencia.

4.- Con carácter xeral a non aceptación ou renuncia a unha cobertura dará lugar as seguintes medidas:

- Primeira renuncia: seis meses de exclusión.
- Segunda renuncia: pase o final da listaxe de reserva
- Terceira renuncia: exclusión definitiva da lista

5.- Procederáse a exclusión definitiva da lista de reserva a aquelas persoas que:

- Unha vez que sexan contratadas renunciem ou extingan voluntariamente o seu contrato por calquera causa.
- Renunciem por terceira vez o chamamento para a súa contratación.

6.- Dispoñer a publicación da presente lista no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica ([concellotui.sedelectronica.gal](http://concellotui.sedelectronica.gal)) do Concello de Tui para xeral coñecemento polos interesados.

7.- Dar traslado da presente resolución o Pleno na primeira sesión que se celebre.

O sr. Alcalde, Carlos Vázquez Padín.  
Documento asinado dixitalmente á marxe.